

LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A. (LINORSA) - Persoal de limpeza que presta os seus servizos no centro de especialidades do Ventorrillo adscrito ao CHUAC da Coruña

□

LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A (Centro de Especialidades do Ventorrillo do CHUAC)

(Centro de Especialidades do Ventorrillo do CHUAC) (código convenio 1504701), que tivo entrada neste Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar o día 1.6.09 e subscrito pola parte económica pola empresa e pola parte social polos delegados de persoal o día 28.5.09, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos de Traballo e Real decreto 2412/82, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, este Departamento Territorial

ACORDA:

PRIMEIRO.- Ordenar a súa inscrición no Libro Rexistro de Convenios Colectivos de Traballo, obrante neste Departamento Territorial, e notificación ás representacións económica e social da Comisión Negociadora.

SEGUNDO.- Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (S.M.A.C).

TERCEIRO.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 3 de xuño de 2009

O XEFE TERRITORIAL DE TRABALLO

Asdo: José García García

Convenio Colectivo do persoal da limpeza de " LIMPIEZAS DEL NOROESTE S.A." (LINORSA) que presta servizos no Centro de Especialidades do Ventorrillo, adscrito ao CHUAC da Coruña

Artigo 1 : Ámbito persoal, funcional e territorial:

O presente convenio colectivo será de aplicación ao persoal de limpeza que presta os seus servizos no Centro de Especialidades do Ventorrillo na Coruña para a empresa adxudicataria no mencionado servizo, que actualmente e a empresa Limpiezas del Noroeste S.A (LINORSA), afectando de igual maneira a todas as empresas que no futuro poidan resultar adxudicatarias deste servizo.

Artigo 2 : Ámbito temporal e denuncia:

O presente convenio colectivo iniciará a súa vixencia o 1 de marzo de 2009, con carácter indefinido, podendo ser denunciado aos efectos de negociación e revisión no último mes de cada ano natural, seguindo vixente en todos os seus contidos e sendo de plena aplicación ate que sexa substituído por outro convenio negociado entre as partes.

convenio que deberán percibir os traballadores afectados polo mesmo, aboaranse cos mesmos conceptos e contías que as establecidas para o persoal do SERGAS nas categorías da escala de servizos do grupo do persoal subalterno (Grupo E). que se regulan no Estatuto do persoal non sanitario o servizo das institucións sanitarias da Seguridade Social, de tal forma que os incrementos retributivos que se produzan a partires da entrada en vigor do presente convenio serán aplicados igualmente e no mesmo momento aos afectados polo presente convenio.

A todas e todos as traballadoras e traballadores con categoría distinta a de limpador ou limpadora seralles de aplicación a categoría equivalente a desempeñar do Grupo correspondente do SERGAS.

Artigo 4 : Comisión Paritaria:

A efectos da interpretación e vixilancia do cumprimento do acordado, créase unha comisión paritaria composta polo 50% por cada unha das partes asinantes do Convenio, 4 membros. Cada unha das partes poderá acudir asistida de asesor con dereito a voz pero sen voto . As decisións haberán de tornarse por maioría das respectivas partes ,e dicir, por dous representantes da empresa e dous dos traballadores. As decisións que non sexan aprobadas coas maiorías mencionadas carecerán de validez, e por conseguinte, as partes para solventar as discrepancias que puideran xurdir, poderán acudir aos organismos administrativos ou xudiciais correspondentes, así como acollerse ás disposicións contidas no AGA para a solución extraxudicial de conflitos colectivos.

Cláusulas Adicionais:

Primeira: As condicións pactadas no presente convenio forman un todo orgánico e indivisible e a efectos da súa aplicación práctica haberán de ser considerados globalmente, evitando interpretacións parciais.

Segunda: Aos efectos de regular as relacións laborais, seralles de aplicación o ESTATUTO MARCO DO PERSOAL ESTATUTARIO DE SAÚDE Lei 55/2003 así como O acordo SERGAS — SINDICATOS (Acordo de Concertación Social sobre Retribucións e Condicións de traballo do persoal Sanitario non facultativo e persoal non sanitario do Servizo Galego de Saúde) do 22 de febreiro de 2001 no referente a retribucións, xornadas, vacacións, libre disposición e permisos, e todos aqueles aspectos non derogados do "ESTATUTO DEL PERSONAL NO SANITARIO EN INSTITUCIONES SANITARIAS DE LA SEGURIDAD SOCIAL" (orde do 5 de xullo de 1971) ou calquera outro que o substitúa ou mellore. Para aquilo non previsto no acordo ou aínda estando previsto fose máis favorable para os/as traballadores/as será de aplicación o Convenio Colectivo Provincial da Limpeza de Edificios e Locais da Coruña así como o ET.

Terceira: Ambas partes acordan rexistrar este acordo. como convenio colectivo de centro de traballo, a os efectos da súa publicación, rexistro e demais trámites oportunos na Delegación Provincial da Consellería de Traballo da Coruña.

Cuarta: A acta de acordo para a equiparación do persoal de Limpeza do Centro de Especialidades do Ventorrillo e Lavandería da Grela da Coruña co persoal adscrito o grupo (E) do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) asinada na Coruña o pasado 26 de Febreiro de 2009 considérase parte integrante do presente convenio colectivo e indivisible do mesmo.